DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL EN DATA 2 DE MARZO DE 2010, RELATIVA AO PROXECTO DO PARQUE EÓLICO CORDAL DE MONTOUTO, PROMOVIDO POLA EMPRESA EÓLICA GALAICOASTURIANA, S.A. NOS CONCELLOS DE ARANGA (A CORUÑA) E GUITIRIZ (LUGO). (CLAVE: 2009/0219).

ANTECEDENTES

O parque eólico denominado Cordal de Montouto foi admitido a trámite por Resolución da Consellería de Innovación, Industria e Comercio (hoxe Consellería de Economía e Industria) do 6 de maio de 2004, cunha potencia máxima de 14 MW.

En desenvolvemento do anterior, por solicitude da empresa Total Eólica, S.A. (actualmente Eólica Galaicoasturiana, S.A.) a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas iniciou o procedemento de autorización administrativa do proxecto de execución dun parque eólico de 13,50 MW de potencia total nos concellos de Aranga (A Coruña) e Guitiriz (Lugo), composto por 9 aeroxeradores de 1.500 kW de potencia nominal unitaria.

Dentro do referido procedemento de autorización administrativa considerouse o proxecto, que está contemplado no anexo II do Real Decreto Lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos, como sometido ao trámite de avaliación de impacto ambiental.

Mediante Resolución do 17 de xaneiro de 2006, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas (publicada no DOG nº 29, do 10 de febreiro de 2006), someteuse a información pública a solicitude de autorización administrativa, aprobación do proxecto de execución e proxecto sectorial, declaración de utilidade pública e o estudo de impacto ambiental das instalacións que comprende o referido parque eólico, constando durante o período de exposición pública a presentación de alegacións por parte das sociedades Retevisión e Ingemarga, por propietarios do monte Costa de Vilares e polo Concello de Aranga, que unha vez examinadas se considera non revisten carácter ambiental.

Con data 11 de agosto de 2009 recíbese na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o expediente ambiental do proxecto, remitido pola Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas como órgano substantivo por razón da materia, contendo os resultados de información pública (anuncios e certificados de exposición ao público e copia das alegacións presentadas) e os informes das Direccións Xerais de Patrimonio Cultural, Conservación da Natureza, Obras Públicas e Saúde Pública, ademais do emitido polo organismo autónomo Augas de Galicia.

Non consta emisión de informe por parte da Dirección Xeral de Turismo, que lle foi reiterado, nin dos Departamentos Territoriais da Consellería de Economía e Industria na Coruña e Lugo, pendentes de emisión segundo indica o órgano substantivo.

Do exame do expediente despréndese que como resultado dunha serie de condicionantes xurdidos ao longo da tramitación do parque, o promotor viuse na necesidade de modificar sucesivamente o proxecto inicial, pasando nun primeiro momento dos 9 aeroxeradores de 1.500 kW a 7 de 2 MW e, finalmente, a 6 máquinas, 4 delas de 2 MW e 2 de 3 MW, debido a restricións de índole arqueolóxica.

No expediente constan, ademais do proxecto técnico e o estudo de impacto ambiental (xunto cunha addenda co plan de restauración) correspondentes á configuración inicial do parque, as separatas e/ou anexos elaborados polo promotor en relación coas sucesivas modificacións do proxecto, sendo os relativos á configuración final do parque os titulados *"Anexo al proyecto oficial parque eólico Cordal de Montouto modificado nº 1. Septiembre 2008"* e *"Anexo II al estudio de impacto ambiental del parque eólico Cordal de Montouto. Septiembre de 2008"*.

No anexo I desta declaración resúmense as características básicas do proxecto na súa configuración final e no anexo II as medidas protectoras e correctoras propostas na documentación ambiental achegada polo promotor no marco do trámite ambiental.

En data 22 de xaneiro de 2010 recíbense os informes pendentes dos Departamentos Territoriais da Coruña e Lugo da Consellería de Economía e Industria (en relación coas posibles modificacións da relación de bens e dereitos afectados por mor das sucesivas modificacións do proxecto), sinalando o órgano substantivo que se pode continuar coa tramitación do expediente.

Cumprimentada polo tanto a tramitación ambiental, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, como órgano ambiental e no exercicio das competencias que lle atribúe o Decreto 316/2009, do 4 de xuño, formula, aos sós efectos ambientais, a declaración de impacto ambiental (DIA) do proxecto do parque eólico Cordal de Montouto, nos concellos de Aranga (A Coruña) e Guitiriz (Lugo), promovido pola empresa Eólica Galaicoasturiana, S.A. (antes Total Eólica, S.A.).

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL

Examinada a documentación que constitúe o expediente, esta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental considera que o proxecto é ambientalmente viable sempre que se cumpran as condicións que se establecen na presente DIA, ademais das incluídas no estudo de impacto ambiental e restante documentación avaliada, tendo en conta que, no caso de que exista contradición entre o indicado na antedita documentación e o establecido na presente Declaración, prevalecerá o disposto nesta última.

Ademais do obrigado cumprimento das anteditas condicións, se se manifesta calquera tipo de impacto non considerado ata o momento, este órgano ambiental, por iniciativa propia ou por proposta do órgano substantivo, poderá ditar, aos sós efectos ambientais, condicionados adicionais aos anteriores.

As condicións establecidas poderán ser revisadas de oficio ou por solicitude do promotor, co obxecto de incorporar medidas que acheguen unha maior protección do medio. Ademais disto, o promotor poderá solicitar a súa revisión naqueles supostos que tecnoloxicamente presenten graves dificultades para a súa implantación ou impliquen modificacións importantes na actividade, sempre e cando as novas medidas permitan acadar os obxectivos e fins desta. Neste último caso, o promotor remitirá esta solicitude, achegando documentación técnica que xustifique estas medidas, no prazo máximo dun (1) mes despois de lle ser notificada a presente declaración, non podendo comezar as obras antes de contar cunha comunicación desta Secretaría Xeral.

1.- ÁMBITO DA DECLARACIÓN

A presente Declaración refírese en exclusiva ao proxecto do parque eólico Cordal de Montouto, que na súa configuración final consiste na instalación e explotación dun parque eólico de 14 MW de potencia total nos concellos de Aranga (A Coruña) e Guitiriz (Lugo), constituído por 6 aeroxeradores (4 de 2.000 kW de potencia nominal unitaria e 2 de 3.000 kW) que se localizarán dentro do polígono definido polas seguintes coordenadas UTM:

Vértice	UTM X	UTM Y
1	580.250	4.789.000
2	583.000	4.789.000
3	583.000	4.790.000
4	589.000	4.790.000
5	589.143	4.788.000
6	587.000	4.783.000
7	581.000	4.783.000

A localización dos aeroxeradores e demais infraestrutura asociada ao parque eólico será a que se recolle no plano ***"Planta General. EMI01909PPLG0006"***, incluído no *"Anexo al proyecto oficial parque eólico Cordal de Montouto modificado nº 1. Septiembre 2008"*.

2. PROTECCIÓN DA ATMOSFERA

1. Ademais das medidas previstas no estudo ambiental para minimizar a emisión de po á atmosfera procederase, no caso de ser necesario, ao lavado das rodas dos camións á saída da zona de obras.

2. Os niveis de presión sonora debidos á construción e funcionamento do parque eólico non poderán superar os valores límite de recepción para ruído ambiente exterior establecidos no artigo 8 do anexo da Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica, así como, no seu caso, o establecido nas ordenanzas municipais ao respecto.

Para tal fin, ademais de adoptar as medidas preventivas propostas no estudo ambiental, tanto na fase de obras como na de funcionamento do parque levarase a cabo o control de ruídos ao que se fai referencia no estudo ambiental, téndose que adoptar as medidas correctoras oportunas (incremento do illamento dos equipos, pantallas de illamento acústico, etc) no caso de que se superen os límites legalmente establecidos.

Neste sentido, o promotor deberá contar cun plan de seguimento do nivel de ruído ao abeiro do Decreto 150/1999, do 7 de maio, polo que se aproba o Regulamento de protección contra a contaminación acústica, en cuxa elaboración se terán en conta as cuestións indicadas no punto 9.2.1 da DIA.

3. PROTECCIÓN DAS AUGAS E LEITOS FLUVIAIS

1. Extremaranse as precaucións na execución e control das obras naquelas zonas nas que, en función do sinalado no estudo ambiental, exista un maior risco de desencadeamento de procesos erosivos e incorporación de sólidos ás augas, adoptando o conxunto de medidas

protectoras, correctoras e de vixilancia ambiental propostas no estudo, así como as establecidas nesta DIA e calquera outra que resulte necesaria.

O control será máis estrito no contorno dos regos de Portosalmallos e Costa Vilares, na área de influenza dos aeroxeradores A-1/A-2 e A-6/A-7 respectivamente, e no rego da Vixía, próximo ao vial de acceso a estes últimos.

Prestarase especial atención á sinalización das ditas zonas, co fin de evitar posibles afeccións por tránsito incontrolado de maquinaria ou vehículos de obra. As precaucións estenderanse á preservación da vexetación de ribeira que exista nos cursos (especialmente no rego de Portosalmallos), así como ás comunidades asociadas á estrutura interna e externa dos mesmos.

Así mesmo, e aínda que pola distancia á que se atopa da zona de obras e pola presenza de pistas ou devasas que actuarían como elemento de retención de posibles arrastres non son previsibles afeccións sobre o encoro de San Xoán, situado ao leste do parque, extremaranse as precaucións e a vixilancia para que non sufra ningún tipo de alteración, toda vez que é empregado para o abastecemento de auga á localidade de Gutiriz.

2. Non se afectarán, ou de ser o caso terán que ser repostas na súa totalidade, as instalacións ou servizos de abastecemento de auga, saneamento ou calquera outro amparado pola lexislación hidráulica que se poidan atopar na área de influencia das obras.

Así mesmo, respectaranse as fontes e mananciais existentes na zona, podendo ser parcialmente encanado o seu curso se resultase necesario para a execución das obras. De xurdir afloramentos de augas subterráneas, serán conducidos a ceo aberto (sempre que as obras definitivas o permitan) cara ás correntes superficiais máis próximas.

3. Toda actuación ou afección no dominio público hidráulico ou na súa zona de servidume e policía (cruzamentos de pistas ou gabias do cableao, etc.), así como calquera captación ou vertedura se é o caso, precisarán da autorización ou permiso do organismo de cunca competente en cada caso.

Neste sentido, deberán terse en conta en todo momento as limitacións e demais prescricións establecidas no Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas e no Regulamento do Dominio Público Hidráulico (RD 849/1986, do 11 de abril, e posteriores modificacións), así como na Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial e no Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais.

Así mesmo, o proxecto deberá axustarse ás prescricións establecidas no Plano Hidrolóxico de Galicia-Costa (PHGC) ou no Plan Hidrolóxico de Cunca do Norte I segundo corresponda.

4. Evitarase modificar o actual réxime hidrolóxico da zona, permitindo a libre circulación das augas, polo que na rede viaria do parque se deberán dispoñer as estruturas de drenaxe transversal necesarias para elo, dimensionándoas de xeito que se evite o efecto presa en épocas de máxima precipitación. Evitarase a xeración de zonas asolagadas, o trasvase de auga dunha microcunca a outra ou a concentración de grandes fluxos de auga en pequenas valgadas con escasa capacidade de acollida.

A incorporación das augas procedentes do sistema de drenaxe do parque cara á rede hidrográfica deberá ser gradual, polo que á saída das drenaxes transversais e nos puntos onde a auga das cunetas se incorpore ao terreo, así como nos tramos de cuneta en zonas de elevada pendente, disporanse sistemas protectores e/ou de disipación de enerxía co fin de evitar fenómenos erosivos, arrastres de materiais, deposición de sólidos ou asolagamentos na traxectoria de incorporación das augas aos cursos naturais.

Tanto na fase de obras como na de explotación realizarase un control do correcto funcionamento da rede de drenaxes transversais e lonxitudinais, dos dispositivos de disipación de enerxía e das condicións de incorporación das augas de drenaxe cara á rede natural, co obxecto de comprobar se se producen fenómenos erosivos, deposición de sólidos ou asolagamentos na traxectoria de incorporación das augas aos cursos naturais.

Neste sentido, levaranse a cabo os oportunos labores de mantemento da rede de drenaxes do parque e os controis de erosión aos que se fai referencia no estudo ambiental, téndose que adoptar as medidas protectoras ou correctoras necesarias, ademais das recollidas no estudo, no caso de producirse os citados fenómenos.

5. A medida que avanza a obra procederase á estabilización dos noiros de desmonte e/ou terraplén resultantes da execución da obra civil, co obxecto de previr fenómenos erosivos e incorporación de sólidos ás augas. Asemade, cando se executen obras en zonas de elevada pendente, deberán dispoñerse mallas antiescorrega ou calquera outra medida adecuada para evitar o arrastre ou rodadura de materiais ladeira abaixo.

6. Non se acumularán terras, entullos, material de obra nin calquera outro tipo de materiais ou substancias nas zonas de servidume dos cursos fluviais ou en zonas de pendente próximas a estes, nin interferindo na rede natural de drenaxe, para evitar a súa incorporación ás augas no caso de chuvias, cheas ou escorrega superficial.

7. Non está permitido o lavado de maquinaria e utillaxe nos cursos de auga. A calidade das augas manterase en niveis óptimos, de xeito que co motivo das obras non diminúa respecto da existente antes do inicio destas. A este respecto, tanto na fase de obras como ao final destas ata que se constate ausencia de afeccións, levarase a cabo un plan de control da calidade das augas, conforme o proposto no estudo ambiental, tendo en conta as consideracións expostas nos puntos 3.1 e 9.2.2 da DIA.

4. PROTECCIÓN DO SOLO

1. Tendo en conta o gran aproveitamento que o proxecto fai das devasas existentes na zona como viais de acceso ao parque (tras o oportuno acondicionamento), terase presente que as infraestruturas do parque non poderán supoñer un obstáculo para o seu normal uso, debéndose manter a súa operatividade.

2. Levarase a cabo un control topográfico preciso dos límites das zonas de obra e da localización de todas as infraestruturas e instalacións proxectadas, que se axustará ao establecido nesta Declaración, estando prohibido ocupar terreos fóra dos previstos.

3. Procederase á delimitación das distintas zonas de obra mediante o seu balizamento, que deberá manterse en perfecto estado durante o transcurso das obras e ser retirado cando estas finalicen.

4. No caso de realizar voaduras, disporanse os medios necesarios (redes, lonas...) para evitar a proxección de fragmentos de rocha ao contorno. En calquera caso, se istos se producisen, deberán ser retirados da zona e depositados en emprazamento autorizado.

5. Con carácter xeral, non se efectuarán préstamos na zona salvo xustificación previa, en cuxo caso seleccionaranse zonas que xa vaian ser afectadas polas obras ou, no seu defecto, lugares carentes de valores ambientais ou paisaxísticos relevantes. En todo caso, os préstamos deberán ter a súa procedencia debidamente acreditada e os ocos resultantes serán restaurados ao finalizar a obra.

6. Manterase a permeabilidade territorial da zona, conservando os servizos e servidumes de paso que existan na actualidade. Se durante as obras fose preciso cortar o paso dalgunha vía, deberán implementarse rutas alternativas que presten o mesmo servizo.

7. No caso de deterioración de estradas, camiños ou calquera outra infraestrutura ou instalación preexistente debido aos labores de construción do parque, deberá restituírse a súa calidade aos niveis previos ao inicio das obras.

8. A realización do proxecto deberá respectar a Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, no que se refire ao uso e defensa destas. As obras, edificacións, cerramentos ou accesos que afecten a terreos comprendidos na área de influencia das estradas requirirán autorización expresa do órgano competente da Administración titular da estrada.

5. XESTIÓN DE RESIDUOS

1. Todos os residuos que se xeren como consecuencia da construción, explotación e desmantelamento do parque eólico deberán ser xestionados en función da súa natureza e conforme á lexislación vixente, primando a reciclaxe ou reutilización fronte á vertedura.

2. O almacenamento temporal de residuos ata a súa entrega a xestor autorizado poderá realizarse nunha zona acondicionada para tal fin (preferentemente na área de casetas de obra e parque de maquinaria), sinalizando claramente a presenza dos residuos e cumprindo coas normas de almacenamento establecidas na lexislación vixente.

3. Antes do inicio da fase de explotación do parque deberán terse retirado e xestionado a totalidade dos residuos xerados na obra.

6. PROTECCIÓN DA FAUNA, VEXETACIÓN E HÁBITATS NATURAIS

6.1. Sobre a fauna

1. Previamente aos labores de corta de arboredo verificarase a ausencia de avifauna nidificante de interese nos pés implicados. En caso de presenza, adoptaranse as medidas oportunas para que poidan finalizar con éxito o periodo reprodutor.

En especial, atenderase á presenza de aves rapaces (na zona detectáronse varias especies que aniñan en árbores; Miñato *Buteo buteo*, Azor *Accipiter gentilis*, Falcón pequeno *Falco subbuteo*...) ou calquera outra especie que ostente figuras legais de protección ou apareza

recollida en listaxes ou libros vermellos que poñan de manifesto a importancia da súa conservación.

2. Respecto á avifauna, realizaranse comprobacións periódicas que permitan determinar a existencia ou non de afeccións sobre os seus efectivos poboacionais e detectar cambios no comportamento e usos do hábitat producidos pola instalación e/ou presenza dos aeroxeradores.

Para tal fin, o promotor deberá contar cun plan de seguimento da incidencia do parque sobre a avifauna, redactado por técnicos competentes, en cuxa elaboración se terán en conta as indicacións que figuran no punto 9.2.3 da DIA.

No caso de detectarse unha incidencia negativa, adoptaranse as medidas necesarias para corrixir a dita situación, entre as que se poden contemplar un incremento da frecuencia do seguimento, establecemento de períodos de parada técnica dos aeroxeradores no caso de alcanzarse umbrais de risco, parada de máquinas en días con condicións meteorolóxicas moi desfavorables e de baixa visibilidade, eliminación ou relocalización dos aeroxeradores máis conflitivos, etc.

3. No caso de que nalgún dos camiños do parque sexa necesario colocar pasos canadenses para impedir o paso de gando, deberán adoptarse medidas que posibiliten o escape dos pequenos vertebrados que poidan caer ao foxo. As ditas medidas poderán consistir, sen prexuízo doutras igualmente efectivas, nunha rampla de subida ou facer o foxo cun ou os dous laterais abertos.

6.2. Sobre a vexetación e hábitats naturais

1. Previamente á corta de arboredo terá que realizarse a correspondente comunicación de corta ou solicitude de autorización, segundo o caso, conforme o disposto no Regulamento de Montes e demáis normativa de aplicación. No caso de necesidade xustificada de corta de vexetación de ribeira, estarase ao disposto na lexislación vixente de aplicación, téndose que solicitar o correspondente permiso.

2. Tomaranse as precaucións oportunas para non afectar posibles valores naturais protexidos pola lexislación vixente que puideran existir na zona. No caso de detectar algún destes elementos procederase a súa delimitación, así como á adopción das medidas precisas para garantir a súa preservación, comunicando o achádego ao correspondente Servizo Territorial de Conservación da Natureza. Terase en conta que non se poderá afectar a formacións distintas ás descritas no estudo de impacto ambiental sen antes facer a correspondente consulta.

7. PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL

Tras a definición da configuración final do parque con 6 aeroxeradores logo da eliminación das máquinas A-3, A-8 e A-9 por restricción de índole arqueolóxica, conforme se reflicte no documento *"Anexo Memoria Definitiva. Prospección Arqueológica Intensiva. Parque Eólico Cordal de Montouto"*, de agosto de 2008, e no plano *"Situación de detalle de las infraestructuras proyectadas. Plano 2. Hoja 2.1"* incluído nel, establécense os seguintes condicionantes en relación co impacto arqueolóxico do proxecto, en base ao informe emitido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural:

1. A realización de calquera outro tipo de obra nas áreas de protección dos bens pertencentes ao patrimonio cultural precisará informe previo e favorable da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

2. Deberá realizarse un control e seguimento arqueolóxico durante as fases de replanteo, de execución de obra e de restitución dos terreos, en todo o ámbito do parque eólico. Para tal fin, e previamente ao inicio das obras, elaborarase un proxecto arqueolóxico que terá que ser autorizado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

   Como anexo ao dito proxecto arqueolóxico deberase recoller, na cartografía que empregue o persoal da obra durante o transcurso da mesma, un plano no que figuren as áreas de risco arqueolóxico, coa localización dos elementos do patrimonio cultural xunto coas súas áreas de protección legal, exclusión e cautela (obxecto do control e seguimento arqueolóxico). Dito plano incorporará os textos necesarios para a súa comprensión.

   Contemplará a sinalización e balizamento, con material non perecedoiro, dos elementos do patrimonio cultural existentes no contorno das obras do parque eólico.

   As obras que se executen nas áreas de protección dos bens do patrimonio cultural deberanse realizar baixo a supervisión continua do arqueólogo director do control e seguimento arqueolóxico.

3. Cando nas áreas definidas na avaliación de impacto arqueolóxico como áreas de posible potencial arqueolóxico se proxecte a execución dalgún tipo de obra relacionada co parque eólico, terase en conta que previamente a ditas obras e no marco do proxecto de control e seguimento arqueolóxico, deberase realizar un desbroce de vexetación, baixo control arqueolóxico.

   Realizado este, levarase a cabo unha prospección arqueolóxica da dita área e, unha vez finalizada esta, por parte do director da actuación elaborarase un informe que será remitido polo promotor á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural para o seu informe.

4. No marco do proxecto de control e seguimento arqueolóxico se deberá realizar unha caracterización topográfica e fotográfica dos xacementos arqueolóxicos localizados na poligonal do parque eólico.

5. En base aos resultados das actuacións arqueolóxicas en cada unha das fases da obra, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, como organismo competente na materia, decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección. Terase en conta que na fase de replanteo se revisarán os impactos e se valorará a aplicación das correspondentes medidas correctoras.

6. Os traballos arqueolóxicos terán que ser levados a cabo por técnicos arqueólogos competentes, de acordo coa Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia.

8. INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA E RESTAURACIÓN

1. Tal e como consta no anexo ao proxecto técnico, as características tipolóxicas do edificio de control serán acordes coas tipoloxías rurais do contorno. A cor da pintura de exteriores tamén deberá ser acorde co contorno e de acabado mate.

2. Deberán adoptarse medidas que maximicen a integración paisaxística da subestación transformadora, como pode ser a dotación de barreiras vexetais que potencien a súa integración no contorno.

3. Se os afloramentos rochosos existentes na zona tiveran interese xeomorfolóxico ou paisaxístico deberán ser respectados, sen que se vexan afectados polas obras, tanto as de instalación dos aeroxeradores como as de apertura/acondicionamento de viais e execución de gabias do cableado.

4. Todas as superficies afectadas ou deterioradas pola execución das obras (marxes dos viais, contorno das obras de drenaxe, gabias do cableado, plataformas de montaxe dos aeroxeradores, contorno da subestación transformadora e edifico de control, parque de maquinaria e área de casetas de obra, zonas de amoreamento de materiais...) deberán ser restauradas e revexetadas, favorecendo a recuperación do solo e a reinstalación da vexetación orixinal.

Para tal fin, levaranse a cabo as actuacións recollidas no plan de restitución de solos e revexetación que figura como separata do estudo de impacto ambiental, tendo en conta as seguintes consideracións:

- A xestión da terra vexetal retirada previamente á execución das obras para o seu posterior emprego nos labores de restauración efectuarase conforme o sinalado no estudo ambiental. No caso de precisar achegas externas por non ser suficiente a retirada en obra, sinalar que non se poderá extraer de áreas onde se atope consolidada e integrada no medio, debendo proceder de amoreamentos ou zonas debidamente autorizadas.

- De acordo co sinalado no estudo ambiental, deberá realizarse un seguimento da efectividade dos labores de restauración e revexetación. Procederase á reposición das calvas e/ou marras que puideran aparecer nas sementeiras, hidrosementeiras ou plantacións efectuadas. Incrementarase a intensidade deste seguimento no caso de que se detecten dificultades para o desenvolvemento da vexetación, levando a cabo medidas adicionais de restauración e revexetación se o éxito desta non é o axeitado.

5. Unha vez rematada a vida útil do parque eólico, ou no caso de que quedase definitivamente fóra de servizo por calquera causa, ao longo da fase de abandono levaranse a cabo todas as actuacións necesarias para desmantelalo e recuperar a situación preoperacional da zona ocupada pola instalación.

Neste sentido, desenvolveranse as actuacións contempladas no documento *"Plan de desmantelamiento y abandono del parque y plan de restauración de suelos y revegetación"* presentado polo promotor como separata do estudo ambiental.

Contemplarase, con carácter xeral, a desmontaxe e retirada de aeroxeradores e a subestación (o edificio de control pode deixarse para outros usos), demolición de zapatas en superficie, restauración dos viais creados para uso exclusivo do parque, restitución de terreos e servizos afectados e revexetación das zonas alteradas pola desmontaxe.

9. PROGRAMA DE VIXILANCIA E SEGUIMENTO AMBIENTAL

9.1. Aspectos xerais

O obxecto deste programa é o de garantir ao longo do tempo o cumprimento das medidas protectoras e correctoras contempladas na documentación avaliada e no condicionado desta Declaración, así como incorporar procedementos de autocontrol por parte do promotor. O programa debe permitir detectar, cuantificar e corrixir alteracións que non se puidesen prever no estudo ambiental ou no condicionado da DIA, e levar a cabo novas medidas correctoras acordes coas novas problemáticas xurdidas.

Para tal fin, e tomando como base o plan de seguimento proposto no estudo ambiental, deberán incorporarse os controis necesarios para adaptalo aos condicionantes xurdidos da presente Declaración. Será responsabilidade do órgano substantivo que o programa que finalmente se desenvolva neste sentido permita acadar os fins sinalados no parágrafo anterior. Asemade, teranse en conta as seguintes consideracións:

- Todas as medicións e/ou analíticas do programa de vixilancia deberán ser realizadas por organismo de control autorizado ou entidade homologada, e os resultados deberán vir asinados por un técnico da dita entidade.

- No caso de que se detecten, como resultado do seguimento en calquera das súas fases, impactos imprevistos ou alteracións que superen os umbrais establecidos na lexislación aplicable ou nesta Declaración, comunicarase inmediatamente ao órgano substantivo, propoñéndose as medidas correctoras precisas para corrixilas. Se se pon de manifesto a existencia de impactos ambientais severos ou críticos, o órgano substantivo poñerá este feito en coñecemento da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

- Co obxecto de acadar a máxima coordinación e eficacia no cumprimento da presente declaración de impacto ambiental, o promotor deberá designar un/s responsable/s do control deste, notificando o seu nomeamento ao órgano substantivo, quen o comunicará ao órgano ambiental.

9.2. Aspectos específicos

9.2.1. Na elaboración e posterior desenvolvemento do plan de seguimento do nivel de ruído ao que se fai referencia no punto 2 da DIA, considerarase o seguinte:

- A selección de puntos de control centrarase nas vivendas ou edificacións máis próximas aos aeroxeradores, polo que, como mínimo, se deberán contemplar puntos de control nos lugares de Os Fidalgos, A Pena do Leito, Vilares Pasarín e Os Edreiros, así como un punto de medición na área do parque.

- As medicións deben ser efectuadas por entidade homologada pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e os informes de resultados presentaranse asinados por técnico da entidade realizadora da medición. Nos resultados deberá figurar o parámetro Leq, sen prexuízo de que se indiquen os percentís L_{90}, L_{50} e L_{10}.

  En canto á periodicidade dos controis, durante a fase de obras efectuarase unha medición en cada punto de control no momento no que se estean executando obras preto del, elixindo un momento coa obra en plena actividade co obxecto de que a medición sexa o máis representativa posible. Indicarase persoal de obra e maquinaria en funcionamento durante a medición. Na fase de funcionamento a frecuencia será mensual durante o primeiro semestre, podéndose logo variar en función dos resultados obtidos.

- Levarase a cabo unha medición na fase preoperacional en todos os puntos seleccionados, co obxecto de dispoñer de datos previos do ruído de fondo, sen interferencia das obras. Os resultados da dita campaña incorporaranse aos informes de seguimento ambiental (tanto os de obra como os de funcionamento) para comparalos cos datos obtidos en cada período de seguimento.

9.2.2. En relación co plan de seguimento da calidade das augas, teranse en conta as seguintes cuestións:

- A proposta de seguimento deberá completarse cun plano a escala 1:10.000 no que se reflictan os puntos de mostraxe finalmente seleccionados para o control dos regos Portosalmallos e Costa Vilares, que foron os identificados como susceptibles de afección.

- Os parámetros a considerar nas analíticas serán como mínimo: pH, temperatura, materias en suspensión, osíxeno disolto, conductividade e presenza de hidrocarburos.

- Levarase a cabo a campaña preoperacional prevista no estudo ambiental, cuxos resultados se incorporarán aos sucesivos informes de seguimento ambiental (tanto os de obra como os de funcionamento se é o caso), para comparalos cos datos obtidos en cada periodo de seguimento.

9.2.3. Na elaboración e posterior desenvolvemento do plan de seguimento de avifauna ao que se fai referencia no punto 6.1 da DIA, teranse en conta as seguintes consideracións:

- Conterá unha descrición e xustificación da metodoloxía para o seguimento da incidencia do parque eólico sobre a avifauna, detallando os controis a efectuar e a súa frecuencia, contemplando a detección do efecto vacío, a caracterización do comportamento das aves ante os aeroxeradores e a detección de morte por colisión. Metodoloxía para a estimación de índices de colisión e a súa variación estacional, e estudo de voo que caracterice a frecuencia, variación horaria, variación estacional, altura e traxectoria dos movementos das aves na zona do parque.

  Incluirase unha valoración da posible distorsión nos resultados polo diferente esforzo de mostraxe, condicións climatolóxicas durante as mostraxes, detectabilidade e desaparición de cadáveres por necrófagos, e definiranse os factores de corrección para corrixir as posibles desviacións.

- Definición cuantitativa e cualitativa de umbrais de risco por colisión e aparición de efecto vacío, que indiquen a necesidade de adopción de medidas protectoras ou correctoras específicas, xustificando o método para a súa determinación. Na definición dos umbrais deberán considerarse referencias normativas, catálogos ou listas roxas actualizadas, entre elas o Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas e a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

- Deberán realizarse os estudos previos necesarios para coñecer os efectivos poboacionais, as zonas de cría, alimentación, durmidoiros, rutas de paso migratorio e usos do hábitat na zona, co obxecto de detectar posibles cambios nestes aspectos producidos pola instalación e presenza do parque eólico.

- A periodicidade das visitas de comprobación terá en conta a fenoloxía das especies sedentarias e migratorias. Con carácter xeral, as visitas para a detección de aves mortas por colisión terán como mínimo unha periodicidade quincenal en época de paso migratorio e de dispersión de xuvenís, e mensual o resto do ano co obxecto de diminuir na medida do posible a perda de cadáveres por acción de animais preeiros. No caso de que se efectúen experimentos para o cálculo dunha tasa de desaparición de cadáveres propia para a zona do parque, poderase revisar a dita frecuencia.

  Respecto á metodoloxía, o raio a revisar baixo cada aeroxerador na busca de exemplares mortos por colisión irá en función do tamaño (diametro de rotor e altura de torre) do aeroxerador que se vai instalar. O tempo de revisión por aeroxerador non será inferior a 30 minutos e en cada visita se revisarán os 6 aeroxeradores que compoñen o parque. Nestas visitas tamén se anotarán, de existir, as colisións de morcegos, incluíndo eses datos nos informes do plan de vixilancia ambiental.

- Definiranse as medidas protectoras e/ou correctoras a adoptar en función das situacións de risco que se detecten.

- Método de rexistro, tratamento e presentación dos datos obtidos, detallando a periodicidade, estrutura e contido dos informes, que como mínimo incluirán un apartado introductorio (indicando datas e descrición das campañas efectuadas) outro cos datos e resultados obtidos e un de valoración, discusión e conclusións finais.

9.3. Informes do programa de vixilancia

Os informes do programa de vixilancia e seguimento ambiental serán presentados polo promotor perante o órgano substantivo, a quen lle corresponde o seguimento e vixilancia do cumprimento do condicionado da declaración conforme o establecido na normativa ambiental. Estes informes deberán estar asinados polo/s técnico/s responsable/s da súa elaboración, coa supervisión -no seu caso- do responsable do control do seguimento ambiental.

Un exemplar dos mesmos en soporte dixital deberá ser remitido ao órgano ambiental para a súa constancia no expediente.

9.3.1. Durante a execución das obras presentarase, con carácter trimestral, un **informe de obras** co seguinte contido mínimo:

a) Cronograma de obras actualizado, con todas as actividades, incluíndo as medidas protectoras e correctoras e indicando, para cada actividade, a porcentaxe de execución respecto ao total. No cronograma figurará a data de actualización.

b) Resultados do plan de seguimento do nivel de ruído, control da calidade das augas, funcionamento da rede de drenaxe (seguimento hidrolóxico) e seguimento de avifauna, de acordo co sinalado nos puntos 2, 3 e 6.1 da DIA.

c) Informe onde se detallen, para aqueles indicadores ambientais que non teñan plans de seguimento específicos, os resultados dos controis efectuados de acordo co plan de vixilancia proposto no estudo ambiental e todos aqueles que se deriven desta DIA (indicando datas das visitas), resultados da aplicación das medidas protectoras e correctoras, incidencias e/ou imprevistos acontecidos, labores de restauración efectuados, xestión dos residuos de obra, etc. O informe reflictirá o cumprimento da Declaración en relación a todos os aspectos contemplados nela.

d) Informe de avance da obra, onde se describa o desenvolvemento dos traballos en relación a todos os compoñentes do proxecto. Acompañarase de reportaxe fotográfica (con indicación da data e hora nas fotografías e plano de puntos de toma) e plano en planta, a escala 1:5.000 ou maior detalle e dotado de coordenadas UTM, no que se reflicta a situación real das obras e a porcentaxe de execución de cada actividade.

9.3.2. Ao final das obras, no prazo máximo de dous (2) meses contados desde o remate dos traballos, o promotor presentará un **informe fin de obras** que como mínimo inclúa:

a) Informe onde se describa o desenvolvemento dos traballos desde a emisión do último informe de obras e o estado final do parque tras a finalización destas, xunto cun resumo do seguimento ambiental efectuado ao longo da fase de obras obras, medidas protectoras e correctoras adoptadas (tanto as indicadas no estudo ambiental como as derivadas desta DIA), incidencias ou imprevistos acontecidos e solucións adoptadas, xestión de residuos de obra, etc. Descrición detallada do estado final da área afectada en relación a todos os aspectos contemplados na documentación avaliada e no condicionado da Declaración.

b) Reportaxe fotográfica que amose con detalle os aspectos máis salientables da actuación: zonas nas que se implantaron os aeroxeradores, subestación e edificio de control, estado dos viais, cunetas e drenaxes, gabias do cableado, estado de limpeza da área (en especial da zona destinada a instalacións de obra), zonas onde se efectuaron medidas protectoras e correctoras, etc. Nas fotografías indicarase a data e hora, acompañándoas dun plano de localización.

c) Plano *"as built"*, a escala 1:5.000 ou maior detalle e dotado de coordenadas UTM, no que se reflicta a situación real de todas as instalacións e infraestruturas do parque, así como as zonas onde se levaron a cabo medidas protectoras e/ou correctoras.

9.3.3. Iniciada a fase de explotación do parque, o promotor presentará, con periodicidade semestral durante os dous primeiros anos de funcionamento e anual os seguintes, un **informe en fase de funcionamento** co seguinte contido mínimo:

a) Resultados do plan de seguimento do nivel de ruído, indicando o número de aeroxeradores en marcha durante a medición e tendo en conta o sinalado no punto 9.2.1 da DIA.

b) Resultados do control do funcionamento da rede de drenaxe e, se é o caso, do seguimento da calidade das augas, así como do plan de seguimento de avifauna (recollendo tamén as posibles colisións de morcegos), tendo en conta o sinalado nos puntos 3 e 6.1 da DIA.

c) Informe, acompañado de reportaxe fotográfica, no que se describan con detalle os resultados do plan de restauración, indicando os avances e incidencias no proceso de rexeneración da cuberta vexetal, estado dos viais, cunetas, plataformas de montaxe, gabias do cableado, contorno da subestación e do edificio de control e aquelas zonas nas que se adoptasen medidas de protección contra a erosión. Detallaranse os controis ambientais efectuados de acordo co plan de vixilancia proposto no estudo ambiental e todos aqueles que se deriven desta DIA, así como a eficacia e evolución de todas as medidas protectoras e correctoras adoptadas. Nas fotografías indicarase a data e hora, acompañándoas dun plano de localización.

Á vista dos resultados que se obteñan durante os dous primeiros anos de seguimento, ou ben por solicitude motivada do promotor, poderase revisar, se é o caso, o contido ou a frecuencia dos controis e informes a realizar en anos posteriores.

9.3.4. **Informe previo ao abandono:** no prazo de seis (6) meses previos á finalización da explotación do parque, o promotor remitirá ao órgano substantivo un documento técnico onde se detallen todas as actuacións previstas para o cumprimento do sinalado no punto 8.5 da DIA, acompañado dun cronograma estimado dos traballos de desmantelamento e abandono.

9.3.5. **Informe posterior ao abandono:** no prazo de dous (2) meses contados desde o remate dos traballos de desmantelamento e abandono do parque, remitirase un informe que conteña a descrición detallada das actuacións levadas a cabo, con especial mención á xestión dos residuos procedentes do desmantelamento e á restauración das superficies afectadas. Acompañarase de reportaxe fotográfica que reflicta o estado final da área, unha vez rematados os labores de abandono e realizada a oportuna revexetación.

10. OUTRAS CONDICIÓNS

1. O promotor deberá depositar un aval para garantir o cumprimento das medidas correctoras e responder da reparación dos posibles danos que se lle poidan causar ao medio ambiente e do custo de restauración, de acordo co disposto no Decreto 455/1996, do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental.

Proponse como importe do aval, que será actualizable e deberá fixar o órgano substantivo, a cantidade de 273.783 euros, dos cales 117.337 € corresponden aos labores de restauración asociados á fase de obras e 156.450 € á fase de desmantelamento e abandono do parque.

2. De acordo co establecido na normativa ambiental, o promotor deberá comunicar a esta Secretaría Xeral, a través do órgano substantivo, a data de inicio das obras de execución do parque e a de posta en marcha da instalación.

Xunto coa comunicación de inicio de obras achegarase, para os efectos da súa constancia no expediente, un plano en planta a escala 1:5.000 e dotado de coordenadas UTM, nun máximo de dúas follas, no que se reflictan todas a infraestruturas e instalacións proxectadas, diferenciando claramente os viais preexistentes dos de nova construción e aqueles a acondicionar, indicando na lenda a lonxitude de cada tipo así como a das gabias do cableado. Reflictirase asemade a poligonal do parque, a localización da zona de instalacións de obra e o acceso ou accesos ao parque. Figurará así mesmo unha táboa coas coordenadas UTM dos aeroxeradores. Se por razóns de espazo a táboa non pode incluirse no propio plano, presentarase separadamente.

3. O órgano ambiental deberá ser informado, a través do órgano substantivo, de calquera cambio de titularidade que se produza na instalación.

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2010

Secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

XUNTA DE GALICIA - CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS - SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL

Justo de Benito Basanta

ANEXO I

RESUMO DO PROXECTO E DO MEDIO

O proxecto denominado "Parque Eólico Cordal de Montouto", promovido pola empresa Eólica Galaicoasturiana, S.A. (inicialmente Total Eólica, S.A.) consiste, na súa configuración final, na instalación e explotación dun parque eólico composto por 6 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada, a instalar nos concellos de Aranga (A Coruña) e Guitiriz (Lugo).

Os aeroxeradores distribuiranse nun cordal montañoso limítrofe entre as provincias da Coruña e Lugo, dentro do polígono definido polas coordenadas UTM que se indican no punto 1 desta Declaración, e conforme o reflictido na figura nº 1 que acompaña a este anexo.

As características básicas do proxecto son as seguintes:

- Número de aeroxeradores: 6.
- Modelos: Vestas V80 e V90.
- Potencia nominal unitaria: 2 MW (V80, 4 unidades) e 3 MW (V90, 2 uds.).
- Potencia total instalada: 14 MW.
- Altura de buxe: 78 m (V80) e 80 m (V90).
- Diámetro de rotor: 80 m (V80) e 90 m (V90).
- Orzamento: 15.645.014,12 euros.

O proxecto contempla así mesmo a construción dunha subestación transformadora 20/66 kV cun edificio de control anexo, de planta única, que albergará os equipos de control e mando, a sala de celas eléctricas, un almacén, unha sala de reunións e os vestiarios e aseos, estando o conxunto dotado dunha fosa séptica para o tratamento das augas residuais, segundo se desprende do proxecto técnico.

A evacuación da enerxía producida no parque efectuarase a través dunha liña eléctrica de alta tensión a 66 kV, cuxo proxecto conta con Declaración de Impacto Ambiental formulada polo órgano ambiental en data 28 de xullo de 2006.

A obra civil inclúe a apertura de 1.726 m de viais de acceso e servizo aos aeroxeradores e o acondicionamento, para o mesmo fin, doutros 9.341 m de camiños e devasas existentes, cunha anchura de rodadura duns 5 m e dotados de cunetas e drenaxes transversais para recollida e evacuación de augas pluviais.

Así mesmo, escavaranse 4.055 m de gabias para soterrar o cableado de media tensión e de comunicacións que interconectará os aeroxeradores entre sí e estes coa subestación transformadora e o edificio de control do parque, cuxo trazado discorre paralelo ao viais do parque en todo o seu percorrido. A duración estimada da fase de obras é duns 12 meses.

Segundo se indica na documentación ambiental, a vexetación na área de implantación do parque está composta maiormente por repoboacións de piñeiro e matogueira de toxo e breixo, nalgúns casos transformada a pasteiro pola acción do pastoreo do gando libre.

De acordo co informe emitido pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza, a zona onde se proxecta a instalación non ostenta actualmente ningunha figura autonómica ou estatal de protección de espazos naturais. Tampouco existen humedais recollidos no Inventario Galego de Humedais.




Fig. 1: Situación do parque eólico

ANEXO II

RESUMO DAS MEDIDAS PROTECTORAS E CORRECTORAS PROPOSTAS NA DOCUMENTACIÓN AVALIADA

No apartado de medidas protectoras e correctoras do estudo de impacto ambiental inclúense medidas relativas aos seguintes aspectos:

A. MEDIDAS PREVENTIVAS:

- Produtos e materiais a utilizar na obra.
- Limitación da zona de obra: minimización da ocupación.
- Reglaxe e mantemento da maquinaria.
- Elección da maquinaria de obra: redución das emisións de gases.
- Control e prevención de nubes de po.
- Control e prevención do ruído.Descarga de materiais.
- Vertedura de sobrantes de terras.
- Xestión da terra vexetal.
- Xestión de residuos de obra.
- Limitación das operacións de eliminación de vexetación.
- Elección de especies para a revexetación.
- Prevención de lumes.
- Transparencia informativa.
- Mantemento da permeabilidade territorial e dos servizos locais.

B. MEDIDAS CORRECTORAS:

Contémplanse unha serie de medidas correctoras relativas aos seguintes elementos:

- Atmosfera: contra a emisión de po, gases, ruidos e vibracións e campos electromagnéticos.
- Hidroloxía e hidroxeoloxía.
- Xeoloxía e xeomorfoloxía.
- Edafoloxía.
- Vexetación.
- Fauna.
- Recuperación paisaxística.
- Sobre os bens culturais e arqueolóxicos.

As medidas específicas para a protección do patrimonio cultural, unha vez determinada a configuración final do parque con 6 aeroxeradores, recóllense no documento *"Anexo II al estudio de impacto ambiental del parque eólico Cordal de Montouto. Septiembre 2008".*

As actuacións de restauración e revexetación en fase de obras, así como as actuacións para o desmantelamento do parque e a restauración e revexetación na fase de abandono, figuran na *"Addenda al estudio de impacto ambiental del parque eólico Cordal de Montouto (Lugo-A Coruña)".*